

CONCURSO DE FACHADAS E BALCÓNS DE NADAL

Primeira – Poderán participar neste **Concurso de Fachadas e Balcóns de Nadal 2023**, as vivendas ou negocios que se encontren unicamente dentro do término municipal do Concello de Cartelle e sexan adornadas con motivos de Nadal. Os espazos poderán ser:

- Familiar : balcón, fiestra, porta, fachada de casa ou xardín exterior ,etc
- Colectiva: comunidade de veciños, residencias, bares, salón de peiteado, rúas, asociacións, etc

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os/as participantes plena liberdade en canto a técnica e a o estilo.

Segunda– Os interesados en participar terán que enviar a inscrición cuberta nunha mensaxe privada o facebook do Concello de Cartelle ou o correo cultura@concellocartelle.es. A inscrición poderase descargar tanto na páxina web do Concello como no propio Facebook. O concello encargárase de subir a foto o Facebook do Concello para que todos os veciños a poidan ver.

Terceira- Para que se poida realizar o concurso deberán constar un mínimo de cinco fachadas engalanadas.

Cuarta – A fachada exterior participante, terá que ser decorada con materiais e formas alegóricas o ambiente propio das Festas de Nadal, quedando excluído o emprego de lume (fachos, velas, etc) ou calquera outro elemento de pirotécnica (petardos, bengalas, etc). A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos será realizado por cada participante. Para a decoración de Nadal poderán empregarse todo tipo de materiais que os/as participantes consideren oportunos, así como materiais procedentes da natureza ou de outro medio natural, sempre e cando proveñan de talas naturais. Poderase empregar así mesmo elementos de decoración iluminativos.

Quinta – A decoración, non poderá desmontarse antes do venres 6 de Xaneiro de 2023, co obxecto de que se poida contemplar durante as Festas de Nadal. En caso de que se producira algún tipo de dano no material empregado durante este período de exposición, este será responsabilidade do particular ou colectivo que montou a decoración e non do organizador deste concurso.

Sexta – O xurado estará composto por:

- Daniel Fernández Carril– Concelleiro de cultura de Cartelle e organizador do concurso.
- Noelia Martinez Álvarez – Traballadora do Concello de Cartelle.
- Laura Perez Armada – Tesoureira da ANPA do CEIP San Marcos de Cartelle.
- María Dolores Quinteiros Miguez - Secretaria da Asociación de mulleres rurais de Espiñoso.

A puntuación final do xurado dependerá dos seguintes aspectos que se valorarán do 1 o 5, sendo a suma de todos os puntos recibidos quen determine o gañador. En caso de empate, decidírase por sorteo entre as propostas con maior puntuación:

1. Deseño e orixinalidade.
2. Iluminación.

3. Emprego de materiais reciclados.
4. Tradición popular.

Se algún membro do xurado ten relación directa con algunha decoración do nadal de fachada presentada, este non poderá votar a esa fachada.

O fallo será inapelable.

Sétima – O fallo do Xurado e a entrega de premios será comunicada por teléfono ós gañadores , que recibirán os premios no Concello de Cartelle.

Oitava – Haberá tres premios outorgados polo Concello de Cartelle:

- 1º premio de 300,00 €
- 2º premio de 200,00 €
- 3º premio de 100,00 €
- 4º premio de 50,00 €

Novena – O incumprimento das bases anteriormente descritas implicará a exclusión do concurso.

Décima: O xurado do concurso pasará a ver as fachadas os días 25 e 27 de Decembro de 2023, a partir das 18:00 horas, polo que deberán estar preparadas e con tódalas luces acendidas para que o xurado as poida ver e sacar fotos para subir ás redes sociais.